



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/002261

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Convocatoria selección FIGURANTES CABALGATA DE REIS 2026 Concellería de Cultura e Normalización Lingüística)

Proposta efectuada pola Concellería de Cultura e Normalización Lingüística con data 27 de novembro de 2025, pola que solicita aprobación das Bases de participación como figurantes na Cabalgata de Reis

RESOLVO:

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

CABALGATA DE REIS 2026 BASES DE PARTICIPACIÓN PARA A SELECCIÓN DE FIGURANTES

ARTIGO 1. OBXECTO

Con estas bases regularase a participación na cabalgata das nenas e nenos que queiran participar como figurantes acompañando ás súas maxestades os Reis Magos de Oriente, no seu percorrido polas rúas sadenses.

ARTIGO 2. PARTICIPANTES

2.1. Poderán inscribirse rapazas e rapaces que teñan 6 anos cumpridos antes do 1 de xaneiro de 2026. As nenas e nenos integrantes de cada carroza irán acompañados por monitores/as educativos que velarán pola súa seguridade.

2.2. No proceso de selección terán preferencia as inscricións de persoas empadroadas no Concello de Sada (realizárase unha comprobación de oficio no Padrón Municipal).

ARTIGO 3. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

3.1. PRAZO: Establécese un prazo de presentación de inscricións dende a publicación destas bases na web municipal até as 23:59 do 21 de decembro.

3.2. INSCRICIÓN: poderá realizarse directamente a través dun formulario na web municipal www.sada.gal

3.3. PRAZAS: O número de prazas dispoñibles establecerase segundo criterios de seguridade para os deseños das carrozas da Cabalgata 2026.

3.4. DISFRACE: Os solicitantes seleccionados deberán participar cun disfraz relacionado co Nadal para aportar colorido ás carrozas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

3.5. SELECCIÓN: O listado de solicitantes seleccionados publicárase a partir do 26 de decembro na OMIX e na páxina web municipal. Se houber un maior número de inscricións que prazas dispoñibles seguirase o seguinte procedemento:

- Farase selección das inscricións por orde de idade, de menor a maior das/os solicitantes empadroadas/os en Sada, con preferencia para os/as solicitantes de menor idade.

- Se tras realizar o proceso citado seguen quedando prazas, seleccionaranse as inscricións por orde de idade de menor a maior das/os solicitantes non empadroadas/os en Sada.

- En caso de que seguindo a condicións anteriores houbera máis dunha solicitude con igualdade de dereito de acceso para a última praza dispoñible, realizarase un sorteo público na OMIX o día hábil seguinte ao de peche do prazo de inscrición.

3.6. LISTAXE DE AGARDA: as persoas non seleccionadas formarán parte dunha lista de agarda e serán informadas en caso de que se rexistre algunha baixa.

ARTIGO 4. ORGANIZACIÓN DA CABALGATA

4.1. As/os participantes acudirán acompañados dos adultos responsables á explanada da Lonxa de Sada, a tarde do 5 de xaneiro ás 17:30h.

- Os familiares acompañantes recibirán instrucións para a recollida dos seus nenos e nenas á finalización do percorrido da Cabalgata, hora aproximada ás 19:30 no exterior da Casa da Cultura.

- As e os participantes saberán con antelación en que carroza están asignados, a través dos listados publicados cos nomes das e dos admitidos. Na composición de cada carroza buscarase un equilibrio na idade dos compoñentes da mesma.

- As monitoras e monitores contratados para salvagardar a seguridade nas carrozas encargaranse de recepcionar aos participantes de cada carroza.

ARTIGO 5. CONFORMIDADE RECOLLIDA DE IMAXES E GRAVACIÓNS

5.1. Co obxectivo de difundir esta campaña en vindeiras convocatorias e tamén garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse gravacións en vídeo e fotografías das persoas participantes na CABALGATA DE REIS 2026, as cales poderán ser empregadas como noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web e RRSS do Concello de Sada.

ARTIGO 6. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

6.1. En aras a dar cumprimento ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

circulación destes datos, e seguindo as Recomendacións e Instrucións emitidas pola Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), infórmase que para solicitar praza como figurante nas carrozas dos Reis Magos é necesario dar datos de carácter persoal a través do formulario que estará publicado na web municipal www.sada.gal.

O Responsable do tratamento é o CONCELLO DE SADA, con domicilio en AVDA DA MARIÑA 25, 15160 SADA (A Coruña) e ten como finalidade o tratamento destes datos para elaborar unha listaxe de persoas que acompañen aos Reis Magos nas carrozas durante o percorrido da Cabalgata. A base de lexitimación é o consentimento expreso prestado polos titores legais dos menores. O interesado terá dereito a retirar ou seu consentimento en calquera momento. Pode exercer en todo momento os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, así como o seu dereito para solicitar a limitación do tratamento. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos como Autoridade de Control.

Para obter unha información máis exhaustiva achega do tratamento que o Concello realiza dos seus datos persoais, pode consultar a nosa política de privacidade a través da páxina web <http://sada.gal/politica-deprivacidade/>

ARTIGO 7. ACEPTACIÓN DAS BASES

7.1. A solicitude de praza como figurante na CABALGATA DE REIS 2026 implica a aceptación destas bases.

Segundo: Ordear a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.